

<p>INFORMACIÓN DE INTERESE PARA DECEMBRO decembro de 2018</p>
---

**1. CONCURSOS DE NADAL PARA O ALUMNADO**

Convócanse dous concursos: elaboración de postais para infantil e primaria e creación de adornos de nadal para alumnado de ESO.

Toda a información estará dispoñible na web colexial

**2. OPERACIÓN QUILO**

Un ano máis o Nadal sensibilízanos, máis se cabe, coa xente necesitada do noso entorno. Invitamos a participar de novo na campaña de Nadal de recollida de alimentos coñecida como Operación Quilo, que durará **ata o día 12 de decembro**.

A partir do día **3 de decembro**, pódense entregar os alimentos (non perecederos) ao titor da clase, posteriormente o alumnado de 2º de ESO encárgase de recollelos e distribuílos a Cáritas, Residencia de Anciáns “Sor Ángela de la Cruz” e Comedor social.

*Esperamos e desexamos contar coa vosa colaboración como en anos anteriores, nos que se repartiron máis de 1000 quilos de alimentos.*

**3. LUZ DO SUR**

Igualmente, os discapacitados psíquicos do centro Ocupacional de San Vicente de Paúl deseñaron e elaboraron velas especialmente para os colexios maristas (*custo de fabricación: 2 €*)

Coa “LUZ DO SUR” prendida despois da cea de Noiteboa por máis de 3.000 familias da Provincia Marista Compostela, pretendemos traer á nosa mesa o recordo desas persoas que non poden celebrar o Nadal por algún motivo (catástrofes naturais, guerras, epidemias, débeda externa, pobreza...)

Os titores darán unha vela a cada alumno/a **a partir do día 3 de decembro** pola que se pode facer unha achega voluntaria. O recadado destinarase ao financiamento de proxectos no Terceiro Mundo coa ONG SED.

**4. AVALIACIÓNS E NOTAS**

O día **17** entrégase o boletín de cualificacións da 1ª avaliación. Devolver asinado antes das vacacións de nadal.

**5. REIS MAGOS**

Un ano máis, as súas Maxestades os Reis Magos, visitarán a nenos/as de Infantil, 1º e 2º de Primaria e daránlles un agasallo o día 20 de decembro ás 12:00.

**ESTA ACTIVIDADE FAISE EN COLABORACIÓN COA ANPA COLEXIAL, QUE FINANCIAMOS OS AGASALLOS.**

**6. FESTIVAIS DE NADAL**

Celebraranse no colexio en horario lectivo: 18, 19 e 20 os de infantil e primaria e o día 21 o de secundaria. A información, na web e mediante a plataforma.

**7. AS VACACIÓNS** do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

**O día 21 de decembro mantense horario lectivo habitual e as actividades extraescolares. O servizo de comedor finaliza ás 16:00. Ese día, non haberá servizo de ATENCIÓN DE ALUMNADO na biblioteca pola tarde.**

**8. REINICIO DO CURSO** O curso reiniciará o vindeiro 8 de xaneiro de 2019 no seu horario habitual.

